

Organiza: CFR-Vigo

Lugar de celebración:

CIFP "A GRANXA"-PONTEAREAS

25-29 Xuño 2012

Introducción á Educación Ambiental



V1201001

Curso de Técnicas de
Educación Ambiental

INTRODUCCIÓN Á EDUCACIÓN AMBIENTAL

ÍNDICE



1. Educación Ambiental ou Interpretación do Patrimonio? En que se diferenzan? Audiencias cautivas e audiencias non cautivas.
2. Conceptos de Educación Ambiental e Desenvolvemento Sostible.
3. Os obxectivos da Educación Ambiental. O libro branco da Educación Ambiental.
4. Vivimos nun mundo cambiante.
5. O marco da participación na Educación Ambiental.
6. Que é a participación? Niveis e beneficios da participación.
7. Dinamización de procesos participativos.

1. EDUCACIÓN AMBIENTAL OU INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO? EN QUE SE DIFERENZAN?

Os visitantes dos lugares con interese patrimonial poden dividirse en dous grandes grupos con características ben diferenciadas respecto ao “estado psicolóxico” que teñen no momento da súa visita.

A interpretación pode ocorrer cando as persoas acuden, no seu tempo de ocio, a un lugar con interese patrimonial con un obxectivo claro de disfrute. É dicir, con **audiencias non cautivas**.

Nembargante, un grupo de escolares que visiten o mesmo lugar con interese patrimonial terán un estado mental disposto a obter recompensas externas e o ambiente no que se desenvolve a comunicación será totalmente distinto. Esta sería unha **audiencia cautiva**.

PÚBLICO CAUTIVO	PÚBLICO NON CAUTIVO
Acuden con obriga.	Asisten de forma voluntaria.
Buscan recompensas externas, cun fin educativo.	Buscan recreación, non instrución.
Deben poñer atención. As motivacións son externas: aprobar un exame, sacar boa nota nun traballo, obter un título, etc.	No teñen obriga de poñer atención. A súa motivación é interna.
Ambiente académico.	Ambiente non académico.
Agrupados por idades, con niveis de experiencia similares.	Público familiar, de todas as idades, con diferentes niveis de experiencias e coñecementos.
Requiren o deseño de programas didácticos.	Requiren o deseño de programas interpretativos.
 <p>Grupo de escolares realizando actividades de Educación Ambiental en Bueu (Pontevedra).</p> <p>Fonte: Ambientarte S.L.</p>	 <p>Visita guiada no Parque Natural Sierra de Cebollera (La Rioja).</p> <p>Fonte: Ambientarte S.L.</p>


2. CONCEPTOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A Educación Ambiental xurde como resposta á problemática ambiental. Dende sempre o ser humano modificou o medio no que vivía para conseguir a súa supervivencia, e aproveitar os recursos naturais.

En realidade deberíamos falar de síntomas dunha crise ambiental a nivel planetario, que preocupa por diferentes motivos:

- Pon en risco o acceso aos recursos naturais para as seguintes xeneracións.
- Exclúe da “sociedade do benestar” á gran maioría da humanidade.
- Non contempla como suxeitos dignos de consideración moral a todos os seres vivos do planeta.

Como exemplo, o dato do Informe Planeta Vivo, do Fondo Mundial para a Natureza WWF (2008), no que indica que se seguimos co mesmo gasto de recursos, no ano 2030 precisaremos dous planetas. O problema é que só temos un!



A Teoría do auga virtual, foi creada por John Anthony Allan, un profesor do Reino Unido, que indica que a auga que se consume no transporte, servizos, etc. en certo

sentido é un consumo oculto. É a auga total que se consume nas diferentes etapas para a produción dun produto ou servizo.

Según esta teoría, cada persoa en España consume 6.000 litros ao día, dos que só un 10 % se corresponde co consumo directo: bebida, hixiene persoal, etc. O resto correspóndese co gasto na produción de alimentos e bens.

"A **Educación Ambiental** é un proceso permanente no que os individuos e as comunidades adquiren conciencia do seu medio e aprenden os coñecementos, os valores, as destrezas, a experiencia e tamén a determinación que lles capacite para actuar, individual e colectivamente, na resolución dos problemas

ambientais presentes e futuros". (Congreso Internacional de Educación e Formación sobre Medio Ambiente. Moscú, 1987)

O “**Desenvolvemento sostible** é o que satisface as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades.” Informe Brundtland.


E á **Educación para o Desenvolvemento Sostible** a UNESCO defínea como un proceso de aprendizaxe para tomar decisións que teñan en conta, a longo prazo, o futuro da economía, a ecoloxía e a equidade de todas as comunidades.

Os tres aspectos básicos da Educación Ambiental, por tanto, son o ecolóxico, o económico e o social. Para que exista un Desenvolvemento Sostible Integral ten que existir:

- Sostibilidade ambiental.
- Xustiza social e laboral.
- Educación Integral da persoa.
- Pensamiento crítico e participativo.
- Mellora da calidade de vida.
- Equidade na distribución da riqueza.
- Desenvolvemento económico sostible.

3. OS OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN AMBIENTAL. O LIBRO BRANCO DA EDUCACIÓN AMBIENTAL

O Libro Branco da Educación Ambiental en España quere promover a acción pro-ambiental entre individuos e grupos sociais; unha acción informada e decidida en favor do entorno e cara á unha sociedade sostible, realizada nos contextos vitais das persoas: fogar, traballo, escola, ocio e comunidade.



OBXECTIVOS

1. Contribuír á construción dun novo modelo de sociedade baseado nos principios da sostibilidade. A educación ambiental debe ser un instrumento en favor dunha forma de vida sostible.
2. Apoiar o desenvolvemento dunha ética ambiental que promova a protección do medio dende unha perspectiva de equidade e solidariedade.
3. Ampliar a comprensión dos procesos ambientais en conexión cos sociais, económicos e culturais.
4. Favorecer o coñecemento da problemática ambiental que afecta tanto ao propio entorno como ao conxunto do planeta, así como das relacións entre ambos planos: local e global.
5. Capacitar ás persoas en estratexias de obtención e análises críticos da información ambiental.
6. Favorecer a incorporación de novos valores pro-ambientais. Contribuír á construción dun novo modelo de sociedade baseado nos principios da

sostibilidade. A educación ambiental debe ser un instrumento en favor dunha forma de vida sostible.

7. Fomentar a motivación e os canles para a participación activa das persoas e grupos nos asuntos colectivos, e potenciar o sentido de responsabilidade compartida cara ao entorno.
8. Capacitar na análise dos conflitos socioambientais, no debate de alternativas e na toma de decisións, individuais e colectivas, orientadas a súa resolución.
9. Favorecer a extensión de prácticas e xeitos de vida sostibles nos distintos contextos vitais, baseados na utilización racional e solidaria dos recursos así coma no desfrute respetuoso do medio.

4. VIVIMOS NUN MUNDO CAMBIANTE

Os conceptos cambian para adaptarse aos tempos, ás necesidades e para axustarse o máis posible á realidade. É por iso que debemos ter en conta todos estes puntos cando esteamos pensando en Educación Ambiental:

1. Non é só para nenos e nenas.
2. Non é só aprendizaxe de aspectos biolóxicos, senón tamén do entorno social: quizáis o maior problema ambiental sexa a pobreza.
3. Non son só “coñecementos”, tamén hai que desenvolver valores e actitudes para que as personas poidan actuar.
4. A educación non pode ser desligada do ambiente no que se produce. Ademais, desenvólvese en dobre senso, é dicir, cada persoa aprende e ensina á vez; dura toda a vida; e ten lugar en diferentes contextos: fogar, escola, ocio, traballo e comunidade.

5. A Educación Ambiental é, ante todo, educación para a acción. É fundamental a PARTICIPACIÓN.

5. O MARCO DA PARTICIPACIÓN NA EDUCACIÓN AMBIENTAL

A Educación Ambiental estivo durante moito tempo moi enfocada na información e na sensibilización. Ponse máis énfase nos produtos (nas accións desexadas) que nos procesos (o senso de porqué se fai) e con practicamente ningunha capacidade de decisión para as persoas.

A PARTICIPACIÓN é unha estratexia educativa e, como tal, ten que ser:

- Interesante e comprensible.
- Significativa.
- Debe favorecer e estimular a capacitación persoal.
- Debe requirir dalgún modo un compromiso persoal.

A continuación refléxanse algúns dos hitos máis importantes a nivel internacional, europeo, nacional e en Galiza que dan o marco á participación ambiental.

Marco normativo internacional da participación

- A **UICN** (Unión Internacional para a Conservación da Natureza), xunto co **PNUMA** (Programa para o Medio Ambiente das Nacións Unidas) e o Fondo Mundial para a Natureza (**WWF**) publican *Caring for the Earth (Coidar a Terra)* (1991).
- **Cumbre da Terra- Río de Xaneiro** (1992). Elaboráronse 5 documentos coa PARTICIPACIÓN como elemento imprescindible, en especial a

AXENDA 21. Nesta cumbre “acúñase” o termo **DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.**

Marco normativo europeo da participación

- **Convenio Aarhus:** Convención sobre acceso á información, participación pública na toma de decisións e acceso á xustiza en temas medioambientais (1998). Trasposición nun Regramento (Regramento (CE) Nº 1367/2006) en dúas Directivas (Directiva 2003/4/CE e a Directiva 2003/35/CE). Este documento ten moita relevanza porque foi asinado pola Unión Europea, e a aplicación deste convenio refléxase nas Directivas europeas, independentemente de que un país asine, ou non, este Convenio como tal. O Convenio ten tres pilares básicos:
 - Acceso á información.
 - Participación do público.
 - Acceso á xustiza.
- **VI Programa de Acción da Unión Europea** en materia de Medio Ambiente. “O futuro está nas nosas mans” (2001-2012).

Marco normativo nacional da participación

- **Lei 27/2006**, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.
- **Libro Branco da EA** (1999). A EA é, ante todo, EDUCACIÓN PARA A ACCIÓN.

Marco normativo da participación en Galiza

- **Estratexia Galega de Educación Ambiental (2000).**
- **Proxecto Fénix (2010).**
 - A PARTICIPACIÓN considéranse unha ferramenta fundamental.
 - Recoméndanse utilizar novas metodoloxías, novas temáticas e novos destinatarios.
 - Recoméndase a rede como estrutura e a PARTICIPACIÓN como ferramenta. (7 de cada 10 persoas consultadas afirman que non participaron en ningunha iniciativa de Educación Ambiental nos últimos 5 anos; que non tiveron coñecemento, ou interese ou oportunidade.)



5. QUE É A PARTICIPACIÓN? NIVEIS E BENEFICIOS DA PARTICIPACIÓN

A participación é o proceso mediante o cal os individuos toman decisións sobre as institucións, programas e ambientes que lles afectan (Ricardo de Castro).

Niveis de participación

A continuación refléxanse os diferentes niveis de participación, que van de menor a maior implicación por parte dos destinatarios.

- **Informar:** os grupos e os individuos reciben información sobre as accións propostas, pero non teñen posibilidade de cambialas.
- **Consultar:** as comunidades locais e outros sectores interesados reciben información sobre un proxecto ou plan e os seus puntos de vista son estudados. Normalmente son tomados en consideración cando o proxecto ou plan se concreta.
- **Decidir xuntos:** os sectores interesados ou afectados por un tema son invitados a estudalo, discutilo e, finalmente, a participar no proceso de toma de decisións. Normalmente os que inician o proceso definen os límites do grado de influencia que os interesados terán sobre a decisión final.
- **Actuar xuntos:** Ademais de compartir o proceso de toma de decisións, o desenvolvemento do decidido tamén é unha responsabilidade compartida.
- **Apoiar os intereses comunitarios:** as comunidades fanse responsábeis do proceso de toma de decisións e o seu desenvolvemento. O papel dos expertos é apoiar á comunidade con

información e consellos para asegurar que se toman decisións ben fundadas.

Beneficios da participación

- A PARTICIPACIÓN contribúe a unha resolución máis eficaz dos problemas:
 - *Mellor diagnóstico das necesidades.*
 - *Maior riqueza na procura de solucións.*
 - *Mobilización de recursos.*
 - *A chave das saídas.*
- Os procesos participativos fomentan a integración social, reforzando e estruturando as comunidades.
- A PARTICIPACIÓN desenvolve o senso de pertenza e a identificación das persoas co seu medio.
- A PARTICIPACIÓN proporciona oportunidades para a aprendizaxe e para exercer a responsabilidade ambiental.
- A PARTICIPACIÓN facilita que os intereses da xente sexan tidos en conta corrixindo tendencias tecnocráticas.
- A PARTICIPACIÓN pode previr conflitos.
- A PARTICIPACIÓN permite comprender mellor as decisións alcanzadas.
- A PARTICIPACIÓN proporciona maior lexitimidade ás decisións tomadas.
- A PARTICIPACIÓN pode facilitar a continuidade das intervencións decididas.

- A PARTICIPACIÓN é máis necesaria en situacións de incertidume ou cambio.

6. DINAMIZACIÓN DE PROCESOS PARTICIPATIVOS

Estas serían as fases de calquer proceso participativo:

1. Análise da situación de partida.
2. Identificación de actores potencialmente interesados.
3. Recopilación e difusión de información básica sobre os temas a tratar.
4. Axuda aos sectores interesados a organizarse e a clarificar as súas ideas.
5. Proposta de métodos e procedementos de participación.
6. Dinamización dos procedementos de participación elixidos.
7. Apoio ao desenvolvemento de acordos e da acción.
8. Promoción do seguimento e avaliación do proceso.

Bibliografía:

- Libro Blanco de EA (1999)
- Estratexia Galega de EA (2000)
- Convenio Aarhus.
- Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

- CEIDA, SGEA, Xunta de Galicia. Proxecto Fénix. Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de EA. (2010).
- Heras Hernández, La participación como proceso de aprendizaje y conocimiento social. Publicado en el nº 35 de la Revista de Educación Social, 2007.